

REUNIÓN XERENCIA- COMITÉS DE EMPRESA DE PERSOAL LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

ACTA Nº 14

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Raquel María Souto García

Vicexerente de Recursos Humanos:

José González Groba

Xefe do Servizo de PAS:

José Fernández Viña

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge (CCOO, Presidente)

Alfonso Bascoy Fernández (CCOO)

Alejandra Álvarez Silva (CCOO)

María del Carmen Rodríguez Prieto (CCOO)

José Estevez Vázquez (CCOO)

Juan Eduardo Calzado Díaz (CIG)

Roberto Otero Ledo (CIG)

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)-Escusa ausencia

Rita Velasco Graña (delegada sindical-CCOO)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG, Presidente)

José Manuel García Eirín (CIG)-Escusa ausencia

Rodrigo Alberte Pivida (CIG)

César Gómez Gómez (CIG)- Escusa ausencia

María Carmen García Mejjide (CIG)-Escusa ausencia

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral mantiveron unha reunión ás 09:30h, do 23 de decembro de 2020 na Xerencia, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta pendente da reunión anterior.
2. Temario común Grupo III.
3. Rolda de intervencións.

1. Lectura e aprobación se procede da acta da reunión anterior.

A xerenta indica que o presidente do CEO fixo unha alegación á acta achegada, e pasa a ler o seu contido. Apróbase por asentimento a acta nº13 incluíndo esa alegación.

2. Temario común Grupo III.

A xerenta di que o Comité de Empresa de Pontevedra (CEPO) enviou unha proposta de temario común para o Grupo III. Indica que, aínda que en liñas xerais lle parece axeitada, débese incluír o Título Preliminar dos Estatutos.

O presidente de CEO mostra o seu acordo coa proposta enviada.

Alejandra Álvarez di que se decidiu propoñer o Título I, II e III dos Estatutos porque noutras convocatorias anteriores así estaba reflectido.

O Vicexerente de RRHH di que nos anteriores estatutos o Título I, II e III se corresponden na súa maior parte co Título Preliminar, I e II dos Estatutos actuais.

Aclarada esta cuestión, acórdase o temario común do Grupo III, eliminando o Título III dos Estatutos da Universidade de Vigo e incluíndo o Título Preliminar. Achégase a proposta a esta acta. Achégase tamén proposta dos cadros coa estrutura.

3. Rolda de Intervencións

O Presidente do CEPO di que esta semana saíron as notas de TS de Teledocencia e que de todos os presentados só aprobou unha persoa, polo que unha vez máis quedan sen candidatos para unha lista de agarda. Insiste unha vez máis, en que habería que lembrarlles aos tribunais a importancia de ter unha lista de persoas que aproban o primeiro exame.

A xerenta está de acordo, aínda que di que é unha cuestión complexa xa que inflúen moitos factores. Tentarase reforzar esta cuestión cando se acheguen as instrucións aos tribunais.

O Vicexerente fai relación á proba de galego e ao asesoramento por parte da Área de Normalización Lingüística (ANL). Logo da consulta co Servizo de PAS acordouse que o nomeamento de asesores da ANL, en vez de incluírse na convocatoria, inserírase nas instrucións que se achegan aos tribunais.

O presidente do CEO di que lle parece tecnicamente máis correcto deste xeito.

O presidente do CEPO expresa tamén o seu acordo co exposto.

E sen máis asuntos que tratar remata a sesión as 09:55.




TEMARIO COMÚN PAS LABORAL

PERSOAL FIXO – Acceso libre

GRUPO III

1. A Constitución de 1978: título preliminar e título I.
2. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: título preliminar e títulos I, II.
3. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: título I; capítulo I do título III; capítulo I do título IV; capítulo I do título V; capítulo I do título VI.
4. Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores: título I (agás os capítulos IV e V) e título II.
5. II Convenio colectivo para o persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo.
6. Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades: título preliminar e título X.
7. Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo, títulos preliminar, I e II.
8. Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais: Capítulo III.
9. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: títulos I, II, III.
10. Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Título preliminar; título II: capítulos. I, II, IV e V; e título IV: capítulos. I e II.



ESTRUTURA PROCESOS SELECTIVOS GRUPO III DO PAS LABORAL


GRUPO III

Exercicios	Tipoloxía exercicio	Puntuación	
		P. Interna	A. Libre
1º	De carácter teórico, escrito e eliminatorio. Consistirá en contestar un test de 100 preguntas con 4 respostas alternativas, das que só unha será correcta, acerca das materias do programa. O tempo de realización será de 120 minutos. Cada resposta errónea descontará o 25% do valor da resposta correcta. O exercicio incluírá 6 preguntas de reserva que deberán responderse dentro do tempo indicado.	Cualificarase cun máximo de 40 puntos, sendo necesario obter 20 puntos para superalo	Cualificarase cun máximo de 35 puntos, sendo necesario obter 17,50 puntos para superalo.
2º	De carácter práctico, escrito e eliminatorio, consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos, relativos ao programa. Disporase de 150 minutos. Valoraranse os coñecementos, a claridade, a orde de ideas e a calidade da expresión escrita, así como a súa forma de presentación e exposición.	Cualificarase cun máximo de 45 puntos, sendo necesario obter 22,50 puntos para superalo	Cualificarase cun máximo de 40 puntos, sendo necesario obter 20 puntos para superalo.
3º	Non terá carácter eliminatorio. Estarán exentas de realizalo as persoas aspirantes pola quenda de promoción interna. Estará composto por dúas probas: a) Coñecementos de lingua galega. Estarán exentas de realizala as persoas aspirantes que acrediten estar en posesión do Celga 4, nos termos previstos nas bases da convocatoria, sendo cualificados con 4 puntos. Esta proba incluírá 2 partes: 1. . Consistirá en contestar a un test de 20 preguntas sobre o coñecemento da lingua galega, con catro respostas alternativas das cales só unha delas será correcta. O exercicio incluírá 2 preguntas de reserva que deberán responderse dentro do tempo indicado. Disporase de 25 minutos. Cada resposta errónea descontará o 25% do valor da resposta correcta 2. Comprensión escrita ou oral e expresión oral. Consistirá en ler un texto ou escoitar un fragmento de audio ou audio-vídeo, e a seguir, realizar unha entrevista co examinador, debendo resumir o <i>input</i> e manter un diálogo ao respecto para avaliar a súa expresión oral.		a) Coñecementos de lingua galega. 1. Valorarase cun máximo de 2 puntos. 2. Valorarase cun máximo de 2 puntos. b) Valorarase cun máximo de 6 puntos.

	<p>b) Coñecementos non específicos. Consistirá en contestar a un test de 20 preguntas sobre a segunda parte do programa, con catro respostas alternativas, das cales só unha será correcta. O exercicio incluírá 2 preguntas de reserva que deberán responderse dentro do tempo indicado O tempo máximo de realización será de 25 minutos. Cada resposta errónea descontará o 25% do valor da resposta correcta.</p>		
<p>Concurso</p>	<p>Antigüidade / experiencia</p>	<p>Antigüidade na Universidade de Vigo: ata un máximo de 10 puntos, a razón de 0,105 por mes completo traballado. Valoraranse os servizos prestados en calquera categoría de persoal laboral incluída na clasificación do II Convenio colectivo para o persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo, ou categorías extinguidas por transformación e/ou promoción.</p>	<p>Experiencia: Ata un máximo de 10 puntos, a razón de 0,1667 puntos por mes completo traballado. Valoraranse os servizos prestados na Universidade de Vigo na mesma categoría de persoal laboral incluída na clasificación do II Convenio colectivo para o persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo, ou categorías extinguidas por transformación e/ou promoción.</p>
	<p>Formación</p>	<p>Ata un máximo de 5 puntos. Valorarase a formación relacionada coa categoría da praza, acreditada suficientemente e impartida por centros e organismos oficiais, incluídas as materias cursadas para a obtención de títulos oficiais superiores ao esixido pola convocatoria ou afíns; neste último caso, deberá achegarse o programa académico ou a guía docente da materia correspondente ao curso en que se superase, indicando o contido e a duración en horas.</p>	<p>Ata un máximo de 5 puntos. Valorarase na mesma forma establecida para os candidatos por promoción interna</p>

ESTRUTURA BÁSICA PROCESOS SELECTIVOS GRUPOS I E II DO PAS LABORAL

GRUPO I		GRUPO II				
Exercicios	Tipoloxía exercicio	Puntuación		Tipoloxía exercicio	Puntuación	
		P. Interna	A. Libre		P. Interna	A. Libre
1°	De carácter teórico, escrito e eliminatorio. Consistirá en contestar un test de 120 preguntas con 4 respostas alternativas, das que só unha será correcta, da primeira parte do programa. O tempo de realización será de 140 minutos. Cada resposta errónea descontará o 25% do valor da resposta correcta. O exercicio incluírá 8 preguntas de reserva que deberán responderse dentro do tempo indicado.	Cualificarase cun máximo de 40 puntos, sendo necesario obter 20 puntos para superalo	Cualificarase cun máximo de 35 puntos, sendo necesario obter 17,50 puntos para superalo.	De carácter teórico, escrito e eliminatorio. Consistirá en contestar un test de 120 preguntas con 4 respostas alternativas, das que só unha será correcta, da primeira parte do programa. O tempo de realización será de 130 minutos. Cada resposta errónea descontará o 25% do valor da resposta correcta. O exercicio incluírá 8 preguntas de reserva que deberán responderse dentro do tempo indicado.	Cualificarase cun máximo de 40 puntos, sendo necesario obter 20 puntos para superalo	Cualificarase cun máximo de 35 puntos, sendo necesario obter 17,50 puntos para superalo.
2°	De carácter práctico, escrito e eliminatorio, consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos, relativos á primeira parte do programa. Disporase de 180 minutos. Valoraranse os coñecementos, a claridade, a orde de ideas e a calidade da expresión escrita, así como a súa forma de presentación e exposición.	Cualificarase cun máximo de 45 puntos, sendo necesario obter 22,50 puntos para superalo	Cualificarase cun máximo de 40 puntos, sendo necesario obter 20 puntos para superalo.	De carácter práctico, escrito e eliminatorio, consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos, relativos á primeira parte do programa. Disporase de 180 minutos. Valoraranse os coñecementos, a claridade, a orde de ideas e a calidade da expresión escrita, así como a súa forma de presentación e exposición.	Cualificarase cun máximo de 45 puntos, sendo necesario obter 22,50 puntos para superalo	Cualificarase cun máximo de 40 puntos, sendo necesario obter 20 puntos para superalo.
3°	Non terá carácter eliminatorio. Estarán exentos de realizalo as persoas aspirantes pola quenda de promoción interna. Estará composto por dúas probas: a) Coñecementos de lingua galega. Estarán exentas de realizala as persoas aspirantes que acrediten estar en		a) 1. Valorarase cun máximo de 2 puntos.	Non terá carácter eliminatorio. Estarán exentos de realizalo as persoas aspirantes pola quenda de promoción interna. Estará composto por dúas probas: a) Coñecementos de lingua galega. Estarán exentas de realizala as		a) 1. Valorarase cun máximo de 2 puntos.

	<p>posesión do Celga 4, nos termos previstos nas bases da convocatoria, sendo cualificados con 4 puntos. Esta proba incluíra 2 partes:</p> <p>1. . Consistirá en contestar a un test de 20 preguntas sobre o coñecemento da lingua galega, con catro respostas alternativas das cales só unha delas será correcta. O exercicio incluíra 2 preguntas de reserva que deberán responderse dentro do tempo indicado. Disporase de 25 minutos. Cada resposta errónea descontará o 25% do valor da resposta correcta</p> <p>2. Comprensión escrita ou oral e expresión oral. Consistirá en ler un texto ou escoitar un fragmento de audio ou audio-vídeo, e a seguir, realizar unha entrevista co examinador, debendo resumir o <i>input</i> e manter un diálogo ao respecto para avaliar a súa expresión oral. Valorarase cun máximo de 2 puntos.</p> <p>b) Coñecementos non específicos. Consistirá en contestar a un test de 20 preguntas sobre a segunda parte do programa, con catro respostas alternativas, das que só unha será correcta. O exercicio incluíra 2 preguntas de reserva que deberán responderse dentro do tempo indicado O tempo máximo de realización será de 25 minutos. Cada resposta errónea descontará o 25% do valor da resposta correcta.</p>		<p>2. Valorarase cun máximo de 2 puntos.</p> <p>b) Valorarase cun máximo de 6 puntos.</p>	<p>persoas aspirantes que acrediten estar en posesión do Celga 4, nos termos previstos nas bases da convocatoria, sendo cualificados con 4 puntos. Esta proba incluíra 2 partes:</p> <p>1. . Consistirá en contestar a un test de 20 preguntas sobre o coñecemento da lingua galega, con catro respostas alternativas das cales só unha delas será correcta. O exercicio incluíra 2 preguntas de reserva que deberán responderse dentro do tempo indicado. Disporase de 25 minutos. Cada resposta errónea descontará o 25% do valor da resposta correcta</p> <p>2. Comprensión escrita ou oral e expresión oral. Consistirá en ler un texto ou escoitar un fragmento de audio ou audio-vídeo, e a seguir, realizar unha entrevista co examinador, debendo resumir o <i>input</i> e manter un diálogo ao respecto para avaliar a súa expresión oral. Valorarase cun máximo de 2 puntos.</p> <p>b) Coñecementos non específicos. Consistirá en contestar a un test de 20 preguntas sobre a segunda parte do programa, con catro respostas alternativas, das que só unha será correcta. O exercicio</p>		<p>2. Valorarase cun máximo de 2 puntos.</p> <p>b) Valorarase cun máximo de 6 puntos.</p>
---	---	--	---	--	--	---

				incluíra 2 preguntas de reserva que deberán responderse dentro do tempo indicado O tempo máximo de realización será de 25 minutos. Cada resposta errónea descontará o 25% do valor da resposta correcta.		
concurso	ANTIGÜIDADE / EXPERIENCIA	Antigüidade na Universidade de Vigo: ata un máximo de 10 puntos, a razón de 0,084 por mes completo traballado. Valoraranse os servizos prestados en calquera categoría de persoal laboral incluída na clasificación do II Convenio colectivo para o persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo, ou categorías extinguidas por transformación e/ou promoción.	Experiencia: Ata un máximo de 10 puntos, a razón de 0,1191 puntos por mes completo traballado. Valoraranse os servizos prestados na Universidade de Vigo na mesma categoría de persoal laboral incluída na clasificación do II Convenio colectivo para o persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo, ou categorías extinguidas por transformación e/ou promoción.		Antigüidade na Universidade de Vigo: ata un máximo de 10 puntos, a razón de 0,093 por mes completo traballado. Valoraranse os servizos prestados en calquera categoría de persoal laboral incluída na clasificación do II Convenio colectivo para o persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo, ou categorías extinguidas por transformación e/ou promoción..	Experiencia: Ata un máximo de 10 puntos, a razón de 0,139 puntos por mes completo traballado. Valoraranse os servizos prestados na Universidade de Vigo na mesma categoría de persoal laboral incluída na clasificación do II Convenio colectivo para o persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo, ou categorías extinguidas por transformación e/ou promoción.
	FORMACIÓN	Ata un máximo de 5 puntos. Valorarase a	Ata un máximo de 5 puntos.		Ata un máximo de 5 puntos. Valorarase a	Ata un máximo de 5 puntos.

		formación relacionada coa categoría da praza, acreditada suficientemente e impartida por centros e organismos oficiais, incluídas as materias cursadas para a obtención de títulos oficiais superiores ao esixido pola convocatoria ou afíns	Valorarase na mesma forma establecida para os candidatos por promoción interna		formación relacionada coa categoría da praza, acreditada suficientemente e impartida por centros e organismos oficiais, incluídas as materias cursadas para a obtención de títulos oficiais superiores ao esixido pola convocatoria ou afíns	Valorarase na mesma forma establecida para os candidatos por promoción interna
--	--	--	--	--	--	--